



Concello do Porriño

Estimado director/a do centro educativo:

Dende o goberno municipal estamos traballando por consolidar un órgano de representación infantil dinámico e duradeiro, que posibilite que nenos, nenas e adolescentes teñan unha canle de participación institucional pola que facernos chegar as súas opinións, necesidades, intereses e inquietudes, que nos axude a facer un Concello mellor para todos e todas.

Por esta razón, teño o pracer de convidarte xunto cos voceiros/as do teu centro a participar no **pleno infantil, que terá lugar o próximo mércores día 18 de abril as 11:00 horas** no salón de plenos do concello do Porriño.

Nesta ocasión, e tal como se acordou na xuntanza do pasado mes de marzo, os principais temas da orde do día serán:

- Lectura e aprobación da acta do pleno anterior
- Debate e aprobación do texto do regulamento do “Consello municipal de infancia”
- Debate e aprobación de propostas relativas da realización de un “Pinchorriño Infantil”
- Debate de propostas concretas en materia de Infraestruturas
- Debate de propostas concretas en materia de Medio ambiente
- Rogos e preguntas

Recordarche unicamente que durante estes días realizaranse obradoiros de participación en cada un dos centros, co obxectivo de que vos familiaricedes coa dinámica de traballo, e tamén para axudarvos na concreción da vosas propostas.

En todo caso achegamos, guión coa explicación da dinámica prevista para este pleno.

Sen mais, recibe un cordial saúdo

**Axinado dixitalmente no Porriño, na data indicada na marxe.**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579